



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: LISTA DEFINITIVA ADMITIDOS/AS EXCLUÍDOS/AS DO PROCESO SELECTIVO PARA A SELECCIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO E DOCENTE DO O.E.GARANTIA XUVENIL INICIA VIII

Expte: 2024/E001/000020

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade publicou no Diario Oficial de Galicia a Orde do 7 de febreiro de 2024 (DOG nº 39 do 23 de febreiro de 2024), pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe), no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os Concellos de Fene, Ares, Mugardos e Cabanas asinaron un convenio de colaboración para a realización do programa de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro nacional de garantía xuvenil por ter interese en colaborar, co obxectivo de solicitar unha subvención ao abeiro da Orde citada por considerar o beneficio que supón a realización conxunta do obradoiro de emprego.

Con data 29 de xullo de 2024 mediante Resolución do Director territorial da Coruña da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, concédese ao Concello de Fene unha subvención, co núm de Expte **15/0008/2024**, por importe de **438.603,20€**, para financiar os gastos de formación e funcionamento, así como a subvención para os gastos salariais de **16** alumnos/as-traballadores/as participantes para a especialidade (FMEC0108) FABRICACIÓN E MONTAXE DE INSTALACIÓNS DE TUBERÍA INDUSTRIAL.

Con data 30 de xullo de 2024 recíbense da Dirección Xeral de formación e cualificación para o emprego da Consellería de Promoción do Emprego, Comercio e Emigración as "Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos programas de emprego para persoas mozas e dos obradoiros duais de emprego.Convocatoria 2024-2025".

Mediante a Resolución da alcaldía núm. 1177/2024, do 11/09/2024 aprobáronse as bases da convocatoria para a selección do persoal directivo e docente Obradoiro de emprego de Garantía Xuvenil Inicia VIII, as cales foron publicadas no taboleiro de edictos e na páxina web municipal o 19/09/2024 e o anuncio no BOP núm 181 de data 19/09/2024.

Con data 30 de setembro publicáronse na web e no taboleiro de anuncios do Concello de Fene a lista provisional de admitidos/as excluídos/as do proceso selectivo para a selección do persoal directivo e docente do O.E. garantía Xuvenil INICIA VIII, outorgando un prazo de 2 días naturais para que os/as aspirantes poidan presentar reclamacións ou emendar a documentación presentada.

No prazo establecido presentan documentación as seguintes aspirantes: Silvia Fidalgo Méndez (RXE núm 202499900002897).

Conforme ao disposto na base sexta das bases reguladoras do proceso de selección, e de conformidade coa normativa vixente, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aceptar as emendas de Silvia Fidalgo Méndez.

SEGUNDO.- Aprobar as listas definitivas de **admitidos/as** que se relacionan a continuación:

Director/a.-

APELIDOS E NOME	ACHEGA CELGA 4
CORDERO TORRE DOLORES	SI
YAÑEZ CASAL MARÍA CARMEN	SI

Docente de fabricación e montaxe de instalacións de tubaxe industrial .-

APELIDOS E NOME

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

	ACHEGA CELGA 4
PAZPOLO IGNACIO	SI

Docente de formación empresarial.-

APELIDOS E NOME	ACHEGA CELGA 4
CAZORLA PENA MÓNICA	SI
POL FERNÁNDEZ AZUZENA	SI
RIOS LEIRA ALBERTO	SI
SÁNCHEZ MARTÍNEZ ANA ISABEL	SI

Docente de ensino básico.-

APELIDOS E NOME	ACHEGA CELGA 4
FIDALGO MÉNDEZ SILVIA	SI
REY CASTRO LIDIA	SI
VÁZQUEZ RODRÍGUEZ MARÍA JOSÉ	SI

G
-009
1505
P-
F:
C.T

TERCEIRO.- Designar como membros do tribunal, titulares e suplentes, que xulgarán o proceso selectivo para a selección de persoal directivo e docente do OEGX Inicia VIII , ós seguintes:

PRESIDENTE/A	Titular:	Lara Otero Díaz, funcionaria do Concello de Fene
	Suplente:	Belén Souto Calvete,persoal laboral fixo do Concello de Fene
VOGAIS	Titular:	María Ana López Fernández,funcionaria do Concello de Ares
	Suplente:	Henrique Sanfiz Raposo, persoal laboral fixo do Concello de Fene
	Titular:	Xesús Sánchez Cea, persoal laboral fixo do Concello de Fene
	Suplente:	Adrián Márquez Caramés, funcionario do Concello de Betanzos
	Titular:	Mercedes Ocampo Santiago,funcionaria do Concello de Mugaros
	Suplente:	JuanCarlos Anca Santos,funcionario do Concello de Cabanas
SECRETARIO/A	Titular:	Manuel Larrosa Rodríguez, funcionario do Concello de Ares
	Suplente:	Isabel Margharetto Rodríguez, funcionaria do Concello de Ares

CUARTO.- Convocar ao tribunal para que se reúna o día **9 de outubro de 2024 as 9,00 horas na sala de comisións (4º andar) do Concello de Fene**, para a realizar a baremación dos/as aspirantes.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



QUINTO.- Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse potestativamente o RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, significándolle que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de aquel no que se teña producido o acto presunto.

Non obstante, poderase impugnar directamente a resolución ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 123.1 da Lei 39/2015). A tal efecto, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

Os prazos cóntanse a partir do día seguinte á publicación desta resolución no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web do Concello.

SEXTO.- Publicar a presente resolución no taboleiro de edictos e na páxina web do concello.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.

G
-009
1503
P-
F:
C.T